

XL CONCURSO DE GANDO FRISÓN XXXIV CONCURSO AUTONÓMICO DE GANDO XL EXPOSICIÓN DE RAZA RUBIA GALEGA XXX POXA DE GANDO SELECTO

Recinto Feiral Manuel Vila

**MUIMENTA
LUGO**



**10, 11
e 12 de
ABRIL
2026**

Escanéame!



Deseño: Paula Francos Anillo

Organiza:



Colabora:



CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL

CASAGABINO 9642 SABEL RED

SABEL RED

FREIRE RED x PEPSI

ESPM2705653980



XENÉTICA FONTAO



Mauricio de los Santos

+942 kg L.

IXT: +2,06

LONX: 124

+0,13 % +47 kg G.

ICU: +1,98

RCS: 124

FACIL. PARTO: 114

+0,07 % +38 kg P.

IPP: +1,68

DA: 105

VELOC. MUXIDO: 116

Fontao - Esperante - 27210 LUGO ☎ 982 284 391 🌐 www.xeneticafontao.com

XL CONCURSO DE GANDO FRISÓN
• * • * • **DE MOEXMU 2026**

SAÚDO DA CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL

A Moexmu transita pola etapa de madurez, superada xa amplamente a súa corentena. Este é un período marcado pola consolidación dunha posición de referencia no ámbito das mostras agrogandeiras, dentro e fóra de Galicia.

Esta exposición é, hoxe en día, moito máis ca un punto de encontro para profesionais e público en xeral. Confórmasse coma unha cita á que non se pode faltar para estar ao tanto dos avances en eidos como a produción gandeira, a maquinaria ou a artesanía.

Se queremos que Galicia siga sendo referente nacional —e mesmo internacional— dentro da gandería bovina, de leite e de carne, temos que continuar impulsando este tipo de eventos. Por iso, a Xunta apoia e está perfectamente aliñada con este encontro sectorial.

Trátase de amosar e sacar músculo do noso potencial e, ao tempo, de dinamizar o sector, con vistas a mellorar a súa competitividade e sostibilidade, fomentando tamén algo tan importante para o seu futuro como é a remuda xeracional.

Celebro que a Moexmu alcance unha nova edición —e xa van 42!—, mantendo a súa vocación de servizo e cun amplo e atractivo programa de concursos, nos que as razas frisoa e rubia galega teñen un papel protagonista. Non é de estrañar, pois, que esta exposición de Muimenta



María José Gómez Rodríguez
Conselleira do Medio Rural, Xunta de Galicia

poida presumir de ter recibido diferentes recoñecementos e galardóns, tales coma o Premio Aresa ou o de Desenvolvemento Rural de Agader, da propia Consellería, sobradamente merecidos.

Ademais, estou convencida de que este ano a Moexmu volverá repetir o éxito de edicións anteriores e, tamén, de que ten un venturoso porvir. Trasládolles os meus parabéns aos organizadores e desexo que os participantes e visitantes aproveiten esta nova oportunidade para seguir facendo rural entre todos.

SAÚDO DO ALCALDE DE COSPEITO

A través destas liñas, compráceme dirixirme a todos os visitantes, expositores, patrocinadores e organizadores da **Mostra Exposición de Muimenta (Moexmu)** que, con máis de catro décadas de historia, dende que empezou a súa andaina en xullo de 1985 xunto coas festas patronais de Muimenta, é un referente das feiras de Galicia.

No concello de Cospeito destacamos pola nosa riqueza de patrimonio cultural e artístico, co pazo de Sistallo e a torre de Caldaloba; pola nosa natureza, coa lagoa de Cospeito e as diferentes áreas recreativas ao lado dos nosos ríos, e por acoller as mellores feiras, festas e mostras-exposicións da provincia de Lugo, como a Festa da Filloa de Muimenta (Festa de Interese Turístico de Galicia), a Feira do Porco da Ceba e a da Maquinaria Usada e Artesanía de Cospeito. Ocupa un lugar destacado, como decana de todas elas, a Moexmu, que alcanza a súa **XLII edición**.

Dende que os meus veciños e veciñas me elixiron por primeira vez alcalde de Cospeito, a colaboración cos empresarios e empresarias da parroquia, que conforman as seis comisións rotatorias que organizan a mostra, foi continuada e moi importante ao longo do tempo, contribuíndo, entre todos, a un maior éxito da Moexmu, da parroquia de Muimenta e de todo o concello de Cospeito.

Os vindeiros 10, 11 e 12 de abril, o Concurso de Gando Frisón —por segunda vez na nosa historia con carácter autonómico—, a Exposición de Raza Rubia Galega e a Poxa de Gando Selecto constituirán un importante referente da Mostra Exposición de Muimenta. Estes certames non só serven para potenciar un dos sector



Armando Castosa Alvariño
Alcalde-presidente do Concello de Cospeito

res económicos máis importantes do concello de Cospeito, senón tamén para coñecer as últimas innovacións e tecnoloxías existentes no mercado.

O **Concurso de Gando de Muimenta-Moexmu** é o máis veterano e un dos máis importantes de Galicia, e salienta pola calidade das ganderías presentes e das cabezas de gando participantes. Neste ano, de novo, é o **ÚNICO** que se organiza en toda a provincia de Lugo.

Quero agradecerlles a colaboración prestada a todos os que, ao longo destes anos, axudaron a superar edicións difíciles e a gozar dos grandes éxitos acadados.

**BENVIDOS Á MOEXMU,
BENVIDOS A MUIMENTA,
BOA FEIRA!**

Muimenta (Cospeito), abril de 2026

SAÚDO DO PRESIDENTE DE FEFRIGA E AFRICOR LUGO

A Moexmu é un referente na provincia e na comunidade, unha feira para todos os públicos, onde maiores e nenos van atopar propostas do seu interese.

Nesta ocasión, e por segunda vez na historia da Moexmu, celebrárase o Concurso Autonómico da Raza Frisona. Entre as vacas presentadas nadas en Galicia, escollérase a Vaca Gran Campiona de Galicia, un enorme mérito só ao alcance dos mellores criadores de frisón.

Os gandeiros estamos nun momento de grande incerteza, co prezo do leite á baixa e os insumos á alza, o que pode levar a moitas ganderías a situación de perdas e de aí ao peche. Hai nada que acabamos de pasar unha pandemia, onde todos comprobamos a necesidade de dispoñer de produtos básicos de proximidade, pois as importacións poden resultar máis económicas en momentos de abundancia, pero noutro contexto quizais non cheguen ou o fagan a prezos desorbitados. Así, gustárame facer desta Moexmu unha reivindicación do sector, da necesidade de coidalo para que sexa capaz de xerar riqueza e crear traballo no rural.

A situación sanitaria é outra importante preocupación, coa ameaza da dermatose nodular contaxiosa, unha enfermidade que, se chega a Galicia, pode ter graves consecuencias, polo que vos pido a todos os compañeiros gandeiros extremar as precaucións. Dende a feira xa están desinsectando e aplicando os protocolos máis estritos, pero é necesaria a colaboración de todos para poder gozar deste certame sen consecuencias negativas.



Manuel Sandamil
Presidente de Africor Lugo e da Federación Frisona Galega (Fefriga)

Os gandeiros, a nivel contable, somos empresarios, e os empresarios foxen da incerteza que, como expuxen antes, neste sector a temos por todos os lados; de aí que os que permanecemos sexa por algo máis ca polo negocio: é porque somos gandeiros antes ca empresarios, os animais forman parte da nosa vida e o seu coidado e benestar son a nosa prioridade.

Quero rematar pedíndolles ás industrias algo de empatía nas negociacións. Creo que temos que traballar xuntos. Elas precisan o leite e nós compradores, e necesitamos que as administracións traballen por facer cumprir a legalidade: non poden facerse contratos a prezos inferiores aos custos de produción.

En canto a vós, compañeiros, que traballades por amosarlle á sociedade o noso traballo, o voso recoñecemento tamén é necesario para asegurar a supervivencia do sector.

SAÚDO DA COMISIÓN ORGANIZADORA

Os empresarios e gandeiros da vila somos os que organizamos a Mostra Exposición de Muimenta, tarefa na que, coa nosa ilusión, co noso traballo e co noso esforzo, agardamos contribuír a un novo éxito da Moexmu. Muimenta acollerá de novo o **ÚNICO concurso de gando da provincia de Lugo**, consolidado coma un dos máis importantes do panorama nacional.

Somos unha parroquia que organiza unha infinidade de actividades ao longo de todo o ano, que destacan pola súa fama e sona, tanto na comarca da Terra Chá coma en toda a provincia de Lugo. A Moexmu é **un referente** e un exemplo a seguir dende que comezou a súa andaina o 6 de xullo de 1985, e que dende principios deste século, adiantou a súa data de celebración á primavera.

Os vindeiros 10, 11 e 12 de abril, o Concurso de Gando Frisón, a Exposición de Raza Rubia Galega, a Poxa de Gando Selecto, o Concurso de Novos Manexadores e o Concurso de Novos Peladores constituirán un importante referente dentro do programa de actividades da Mostra Exposición de Muimenta (Moexmu).

Por segunda vez na historia da provincia de Lugo, acolleamos a celebración do Concurso Autonómico de Gando, como xa aconteceu na edición do ano 2022. Trátase dun novo reto que asumimos con ilusión e esforzo.

Co noso traballo queremos potenciar un dos sectores económicos máis importantes da comarca chairega e tamén que se poidan ver e mercar as últimas innovacións tecnolóxicas existentes no mercado.

Desta maneira, axudamos a consolidar a Moexmu coma un importante referente do sector agrogandeiro galego, tanto na presenza coma na calidade das cabezas de gando e ganderías participantes, que contribúen á consolidación deste sector no ámbito laboral, económico e social.

Este ano alcanzamos as corenta edicións do Concurso de Gando, que se di pronto, sobre todo neste tipo de eventos. Vivimos crises económicas, o coñecido como “mal das vacas tolas” etc. Moito é o camiño que levamos andado, pero moito máis longo será o que nos queda por percorrer.

Ademais, a Moexmu recibiu nos últimos tempos varios premios: o **XV Premio Agader na categoría Sector Agrogandeiro**, que concede a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia; o **XXIV Premio Aresa de Desenvolvemento Rural**, que outorgan conxuntamente a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o Grupo Aresa; a **V de Veciño Exemplar** da Federación de Asociacións de Veciños da provincia de Lugo “Lucus Augusti” e o **Premio ao Turismo Sostible**, que concede o Consorcio Provincial de Turismo de Lugo.

Seguimos sumando premios ao esforzo e á ilusión cos que organizamos a Mostra Exposición de Muimenta, consolidada como a feira decana e o escaparate agrogandeiro, grazas ao noso traballo a prol do desenvolvemento e da profesionalización do sector, á nosa contribución á mellora do gando vacún de raza frisón e á dinamización socioeconómica e cultural no medio rural.

Neste punto, queremos darlles as grazas pola colaboración prestada a todos os patrocinadores; por unha banda, ás administracións públicas, como son o Concello de Cospeito, Deputación Provincial de Lugo, Xunta de Galicia e a USC, e, pola outra, ás empresas privadas que, ao longo de todos estes anos, nos axudaron a superar edicións difíciles e a gozar dos grandes éxitos acadados. Entre elas, merecen unha mención especial Africor Lugo e Acruga, polo seu traballo e dedicación. Finalmente, moitísimas grazas á veciñanza de Muimenta, que apoia anualmente a Moexmu.

O concurso, a exposición e a poxa de gando virán acompañados de artesanía popular, produtos galegos de calidade, maquinaria agrícola, automóviles, así como de diversas exposicións. Trátase

dunha longa lista de actividades que terán cabida os vindeiros 10, 11 e 12 de abril na parroquia de Muimenta, onde se potenciará tamén o monográfico de cans de palheiro, que tanto éxito acadou nas últimas edicións, e que será puntuable para o XXXIV Concurso de Can de Palheiro de Galicia.

Aproveitamos para convidaros o vindeiro **1.º de Maio** á celebración da **XXXV Festa da Filloa**, declarada o 21 de febreiro de 2008 **Festa de Interese Turístico Galego**, e galardoada o mes de setembro de 2023 co **Premio á Excelencia Turística de Lugo**; sen dúbida, un novo recoñecemento ao traballo da veciñanza da nosa terra.

Sirvan estas últimas liñas para darlles a benvinda a todos os visitantes e amigos que disfrutan da **XLII Moexmu** en Muimenta.



**ESTAMOS MÁIS VIVOS CA NUNCA.
SÚBETE AO CARRO DA MOEXMU
E DÉIXATE SEDUCIR POR MUIMENTA**

A Comisión Organizadora
Muimenta, abril de 2026

A HISTORIA DA MOEXMU

A Moexmu nace no ano 1985 grazas ao esforzo dun grupo de veciños e veciñas de Muimenta que, ante a entrada de España na Comunidade Económica Europea (CEE), deciden unirse e intentar promover o principal motor económico da vila en particular e da comarca en xeral: o sector primario.

Os comezos teñen lugar nos terreos que hoxe en día ocupa o parque infantil e o colexio de infantil e primaria da vila, así coma as súas rúas próximas. Faise coincidir coas festas patronais, unha maneira de dar a coñecer a nova iniciativa da veciñanza e, así, axudar na súa promoción.

Os seus comezos confirman o **espírito emprendedor** de Muimenta, que se reflicte neste tipo de eventos e noutros que foron xurdindo ao longo dos anos. A primeira edición foi inaugurada o 6 de xullo de 1985 por parte do que, daquela, era o gobernador civil de Lugo, don Juan Miguel Iglesias Rivera, e o seu pregoeiro foi don Claudio López Garrido.

Aínda que nas dúas primeiras edicións se promoven sobre todo a artesanía e os produtos agrícolas e gandeiros, a principal idea era poñer en marcha o concurso de gando, o cal se logra, por fin, organizar por primeira vez no ano 1987, nos terreos que hoxe ocupa o colexio público de Muimenta.

Con moita ilusión e grazas a unhas “instalacións” de madeira e xestas feitas ano a ano e de xeito manual polos seus veciños e veciñas, lógrase organizar, con grande éxito, o Concurso de Gando



Frisón e a Exposición de Raza Rubia Galega, que se celebra anualmente e sen faltar nunca a súa cita (agás nos anos 2020 e 2021, por razóns evidentes, aínda que se mantivo vivo o seu espírito nas redes sociais, a través de distintas actividades virtuais).

No ano 1988, a organización pasa da veciñanza aos empresarios e empresarias de Muimenta, os cales, a partir dese ano e constituídos en cinco comisións rotatorias (e dende 2010 ata o día de hoxe, en seis), son os encargados da orga-



nización do ÚNICO concurso de gando que sobrevive na provincia.

Aínda que nos primeiros anos o apoio legal correspondíalle á Asociación Cultural Aquilino Iglesia Alvariño, os propios empresarios deciden, a principios do século XXI, constituírse oficialmente nunha asociación e inscíbense no correspondente rexistro provincial. Deste xeito, fanse responsables para todos os efectos da súa organización, unha vez consolidada no calendario galego. Nestes máis de corenta anos, a súa principal virtude foi o apoio e o traballo continuo e incansable da veciñanza.



Entre os fins sociais do colectivo, que se recollen no artigo 5 dos seus estatutos, o máis importante para nós é “llevar a cabo a organización da Mostra Exposición de Muimenta (Moexmu), do



Concurso, Exposición e Poxa de Gando Selecto, así como da Festa da Filloa e de calquera outra feira, mostra, festa ou evento que teña interese para a vila ou comarca”.

Dende o principio, como xa comentamos con anterioridade, os organizadores da Moexmu quixeron potenciar o principal motor económico da comarca da Terra Chá, o **sector primario**.

Nestas catro décadas, a Moexmu viu como moitos deses gandeiros e gandeiras se xubilaban, sen que as novas xe-

racións se fixesen cargo da remuda nas granxas, pero outros decidiron continuar e ampliar as devanditas explotacións, facéndoa máis profesional e mellorando o sector gandeiro da provincia.

Estes gandeiros e gandeiras xúntanse para transmitir as súas inxerencias nas reunións anuais coa organización da Moexmu, nas que buscamos solucións a situacións tan diversas coma cando se implementou a cota láctea, coa entrada do noso país na CEE, e as consecuencias que tivo en moitos gandeiros para facer fronte á súa compra e para aumentar as súas granxas, incorrendo en préstamos e débedas, que seguiron pagando unha vez que tivo lugar a súa supresión no mes de abril do ano 2015.

Por outra parte, o despoboamento do rural segue incrementándose, un movemento que están a levar os máis novos e, polo tanto, o futuro das nosas aldeas cara á cidade (de novo a sangría do rural, a emigración), moitas veces por ausencia de traballo. Porén, paradoxos da vida, seguimos a vivir a falta de traballadores para as granxas, un traballo que recoñecemos que é duro. A Moexmu busca dar a coñecer que o rural é o futuro destas novas xeracións.

A Moexmu ocupa actualmente case 30.000 m², dedicados tanto á exposición de maquinaria agrícola como ás últimas innovacións no mercado gandeiro, a artesanía, os produtos galegos de calidade e o concurso, exposición e poxa de gando. Este espazo quedanos moi pequeno para darlle cabida a toda



a demanda de postos para os diferentes expositores que acoden tanto de toda Galicia, coma de Asturias, Salamanca, León, Zamora, Zaragoza ou Madrid, moitos deles coas últimas novidades do sector, o que nos anima a que busquemos formas de medrar para facerlle espazo a todo o que queremos e temos para mostrar.

Unha actividade que a Moexmu recuperou e potenciou foi a do oficio de zoqueiro, xa que no século XX chegamos a ter case un centenar na parroquia. Durante moitas edicións, os poucos zoqueiros que quedan vivos en Muimenta participaban activamente durante toda a fin de semana no recinto feiral Manuel Vila de Muimenta, amosando e explicando todo o seu proceso de elaboración das zocas.

Non nos podemos permitir que este tipo de actividades que, xunto con outras, están abocadas a desaparecer, queden no esquecemento; temos a obriga de darlles un futuro e unha visibilidade. Como exemplo, temos a inauguración na primavera do ano 2019 do Museo Monográfico sobre a Zoca, situado no pórtico da Igrexa Vella de Muimenta, e que se pode visitar cando se desexa, con cita previa.

A Moexmu ten un prestixio a nivel de Galicia. Ademais, **AXUDAMOS A CUMPRIR OS SOÑOS DA XENTE**.

XLII MOEXMU 2026

Muimenta (Cospeito): 10, 11 e 12 de abril de 2026

COMISIÓN ORGANIZADORA

COMISIÓN MOEXMU

Presidente:

Orencio Fontela Iglesias

Vicepresidente:

Avelino García Parga

Vogais:

María Fe Gil Rodríguez

María del Carmen López Yáñez

Daniel Novo Canto

Montserrat Santiso Bello

Xerente:

José Manuel Rus Rodríguez

FEFRIGA

Presidente: Manuel Sandamil Cabana

José Rodríguez López

Fernando Rodríguez Gandoy

GANDEIROS/AS DA PROVINCIA DE LUGO:

José Ángel Blanco Purriños – SAT Cavadas

Marcelino Fernández Rodríguez – Casa Pozo

Antonio Gómez Gómez – SAT Gaigo

Alberto Iglesia Vila – SAT Rei de Miñotelo

Yolanda Penelas Teijeiro – Penelas

ADMINISTRACIÓNS COLABORADORAS

Xunta de Galicia: María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural

Deputación Provincial de Lugo: Carmela López Moreno, presidenta

Concello de Cospeito: Armando Castosa Alvariño, alcalde-presidente

XUÍZ

Julián Rodríguez Pérez, xuíz nacional de Conafe

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

XOVES 9 ABRIL

A partir das **15:00 h:** Entrada do gando

VENRES

10

ABRIL

De **10:00 a 14:00 h:** Entrada de gando no recinto feiral “Manuel Vila López”

15:30 h: XXIII Concurso Internacional de Novos Preparadores de Gando “Moexmu 2026”

19:00 h: Inauguración oficial da XLII edición da Mostra Exposición de Muimenta “Moexmu 2026”

SÁBADO

11

ABRIL

10:30 h: XXXIV Concurso Autonómico da Raza Frisona “Fefriga 2026” e XL Open de Frisón “Moexmu 2026”

Xulgamento das seccións de xatas e xovencas

15:00 h: XXXIV Concurso Autonómico da Raza Frisona “Fefriga 2026” e XL Open de Frisón “Moexmu 2026”

Xulgamento das seccións de vacas en lactación, campionatos e grupos

DOMINGO

12

ABRIL

11:00 h: XLV Concurso Internacional de Novos Manexadores “Moexmu 2026”

12:30 h: XXX Poxa de Gando Selecto

13:30 h: Entrega de premios e clausura

15:00 h: Xantar gandeiros participantes

A partir das **19:00 h:** Saída do gando



BENVIDOS Á MOEXMU, BENVIDOS A MUIMENTA, BOA FEIRA!

Durante estes tres días celebrarase a cuadraxésima edición do tradicional Concurso de Gando Frisón da Moexmu, o XXXIV Concurso Autonómico da Raza Frisona Fefriga, a XL Exposición de Raza Rubia Gallega e a XXX Poxa de Gando Selecto.

SECCIÓNS DO CONCURSO

SECCIÓN 1	XATAS ATA 8 MESES Nadas despois do 30 de xuño de 2025
SECCIÓN 2	XATAS DE 9 A 11 MESES Nadas entre o día 1 de abril e o 30 de xuño de 2025
SECCIÓN 3	XATAS DE 12 A 14 MESES Nadas entre o día 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de marzo de 2025
SECCIÓN 4	XATA CAMPIONA DE GALICIA Competirán 1.ª e 2.ª clasificadas, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros galegos, das seccións 1, 2, e 3. Concederanse os títulos de Xata Campiona de Galicia e Subcampiona de Galicia "Fefriga 2026"
SECCIÓN 5	XATA CAMPIONA MOEXMU Compiten 1.ª e 2.ª clasificadas das seccións 1, 2 e 3, que acadarán os títulos de Xovenca Campiona e Subcampiona "Moexmu 2026"
SECCIÓN 6	XOVENCAS DE 15 A 19 MESES Nadas entre o 1 de agosto e o 31 de decembro de 2024
SECCIÓN 7	XOVENCAS DE 20 A 24 MESES Nadas entre o 1 de marzo e o 31 de xullo de 2024
SECCIÓN 8	XOVENCA CAMPIONA DE GALICIA Compiten 1.ª e 2.ª clasificadas, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros galegos, das seccións 6 e 7, que acadarán os títulos de Xovenca Campiona de Galicia e Subcampiona de Galicia "Fefriga 2026"
SECCIÓN 9	XOVENCA CAMPIONA MOEXMU Compiten 1.ª e 2.ª clasificadas nas seccións 6 e 7, que acadarán os títulos de Xovenca Campiona e Subcampiona "Moexmu 2026"
SECCIÓN 10	MELLOR CRIADOR DE XOVENCAS DE GALICIA Compiten un grupo por gandería de tres femias non paridas, nadas en Galicia e na mesma explotación, aínda que na actualidade pertencen a distintos propietarios, acadando o título de Mellor Criador e Segundo Criador de Xovencas "Fefriga 2026"
SECCIÓN 11	MELLOR CRIADOR MOEXMU DE XOVENCAS Compiten un grupo por gandería de tres femias non paridas, nadas nunha mesma explotación, aínda que na actualidade pertencen a distintos propietarios, acadando o título de Mellor Criador e Segundo Criador de Xovencas "Moexmu 2026"
SECCIÓN 12	XOVENCA GRAN CAMPIONA DE GALICIA Compiten a Campiona e Subcampiona das seccións 4 e 8. Outorgaranse os títulos de Xovenca Gran Campiona e Reserva Gran Campiona "Fefriga 2026"
SECCIÓN 13	XOVENCA GRAN CAMPIONA MOEXMU Competirá a Campiona e Subcampiona das seccións 5 e 9. Outorgaranse os títulos de Xovenca Gran Campiona e Reserva Gran Campiona "Moexmu 2026"
SECCIÓN 14	VACA NOVA ATA 28 MESES Son as femias en lactación, nadas a partir do 31 de outubro de 2023
SECCIÓN 15	VACA NOVA DE 29 ATA 36 MESES Son as femias en lactación, nadas dende o 1 de marzo ata o 31 de outubro de 2023
SECCIÓN 16	VACA NOVA CAMPIONA DE GALICIA Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros galegos, clasificadas nas seccións 14 e 15. Concederanse os títulos de Vaca Nova Campiona de Galicia e Subcampiona de Galicia "Fefriga 2026"

SECCIÓN 17	VACA NOVA CAMPIONA MOEXMU Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 14 e 15. Concederanse os títulos de Vaca Nova Campiona e Subcampiona Internacional "Moexmu 2026"
SECCIÓN 18	VACA INTERMEDIA DE 3 ANOS Son as femias de máis dun parto, nadas dende o día 1 de abril de 2022
SECCIÓN 19	VACA INTERMEDIA DE 4 ANOS Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de abril de 2021 e o 31 de marzo de 2022
SECCIÓN 20	VACA INTERMEDIA CAMPIONA DE GALICIA Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros galegos, clasificadas nas seccións 18 e 19. Concederanse os títulos de Vaca Intermedia Campiona de Galicia e Subcampiona de Galicia "Fefriga 2026"
SECCIÓN 21	VACA INTERMEDIA CAMPIONA MOEXMU Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 18 e 19. Concederanse os títulos de Vaca Intermedia Campiona e Subcampiona Internacional "Moexmu 2026"
SECCIÓN 22	VACA ADULTA DE 5 ANOS Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de abril de 2020 e o 31 de marzo de 2021
SECCIÓN 23	VACA ADULTA DE 6 ANOS OU MÁIS Son femias en lactación, nadas antes do 1 de abril de 2020
SECCIÓN 24	VACA PRODUCCIÓN VITALICIA - RECOÑECIMENTO Son as 5 vacas participantes no concurso con maior cantidade de leite producido a 31-03-2026
SECCIÓN 25	VACA ADULTA CAMPIONA DE GALICIA Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros galegos, clasificadas nas seccións 22 e 23. Concederanse os títulos de Vaca Adulta Campiona de Galicia e Subcampiona de Galicia "Fefriga 2026"
SECCIÓN 26	VACA ADULTA CAMPIONA MOEXMU Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 22 e 23. Concederanse os títulos de Vaca Adulta Campiona e Subcampiona Internacional "Moexmu 2026"
SECCIÓN 27	MELLOR CRIADOR DE GALICIA Compiten un grupo por gandería de tres femias, nadas en Galicia e na mesma explotación, aínda que na actualidade pertencen a distintos propietarios, acadando o título de Mellor Criador e Segundo Criador de Xovencas "Fefriga 2026"
SECCIÓN 28	MELLOR CRIADOR MOEXMU Compiten un grupo por gandería de tres femias, nadas nunha mesma explotación presente no evento, aínda que na actualidade pertencen a distintos propietarios, acadando o título de Mellor Criador e Segundo Criador de Xovencas "Moexmu 2026"
SECCIÓN 29	VACA GRAN CAMPIONA DE GALICIA Competirá a Campiona e Subcampiona das seccións 16, 20 e 25. Outorgaranse os títulos de Vaca Gran Campiona de Galicia e Reserva Gran Campiona "Fefriga 2026"
SECCIÓN 30	VACA GRAN CAMPIONA MOEXMU Competirán a Campiona e Subcampiona das seccións 17, 21 e 26. Outorgaranse os títulos de Vaca Gran Campiona Internacional e Reserva Gran Campiona "Moexmu 2026"

XUÍZ: JULIÁN RODRÍGUEZ PÉREZ

Julián Rodríguez Pérez é natural de Luarca (Asturias), onde naceu o 16 de xullo de 1984. Nesta parroquia asturiana do concello de Valdés cursou os seus estudos de bacharelato, para despois iniciar os estudos universitarios de Ciencias Empresariais, que interrompeu aos dous anos para realizar o Curso de Incorporación de Mozos á Empresa Agraria e, ao rematalo, incorporarse á gandería familiar: Casa Flora.

Durante os primeiros anos compaxinou o traballo na granxa familiar coa preparación de animais para concursos doutras ganderías, así como coa cualificación de vacas *brown swiss* (raza parda).

Poucos anos despois, deixou de traballar fóra para dedicarse a tempo completo á gandería Casa Flora, acadando o título de Mestre Criador en 2006 e 2019.

No tocante aos concursos da raza frisón, Julián lembra que a súa afección comezou aos 7 anos, cando participou coa súa primeira xata no concurso de Tineo. Desde entón participa de forma habitual en diversos certames, tanto nacionais coma internacionais, nos que conseguiu numerosos premios.

Ao lembrar a súa dilatada experiencia en concursos locais, autonómicos, nacionais e internacionais, Julián subliñaba que as distincións como Mellor Criador Nacional en 2017 e Mellor Rabaño Nacional en 2017, 2020 e 2021 eran os premios dos que se sentía máis orgulloso. Porén, nas últimas edicións do Nacional sumou tamén os premios a Mellor Criador Nacional de Vacas 2024 e 2025, Vaca Adulta Campiona 2025 e Vaca Gran Campio-



na Reserva 2025, estes dous últimos con Flora Unstopabull Adaline.

Experiencia como xuíz

Julián Rodríguez Pérez xa participou como xuíz aspirante na Xornada de Reciclaxe e Unificación de Criterios de Xuíces de Raza Frisón Conafe 2023, celebrada os días 21 e 22 de abril na gandería asturiana Casa Venturo. Tamén foi axudante de pista na 40.ª Escola de Xuíces Gandeiros celebrada en Galicia do 19 ao 21 de xullo.

A súa estrea como xuíz oficial de Conafe produciuse o 28 de outubro de 2023, no Concurso-Exposición de Gando Vacún de Nava (Asturias).

Durante o ano 2024 xulgou o Concurso de Alaior (Menorca), en marzo; o Open de Feiradeza, celebrado en xullo en Lalín (Pontevedra, Galicia), e o concurso de Villaviciosa (Asturias), en setembro.

Pola súa parte, en 2025 xulgou o Usías Holstein en Dos Torres (Córdoba, Andalucía), o Concurso de Treceño (Cantabria) en xuño, o Concurso da Raza Holstein Frisia de Murtosa (Aveiro, Portugal) en xullo, e o Concurso-Exposición de Gando Selecto de Ribadesella, no mes de setembro.

GANDERÍAS PARTICIPANTES

GANDERÍA	CONCELLO	PROVINCIA
ANILA	RODEIRO	PONTEVEDRA
CARBALLEIRAS	LALÍN	PONTEVEDRA
FINCA LA ASUNCIÓN	TOURO	A CORUÑA
GANADERÍA ANTELO S.C.	ZAS	A CORUÑA
GANADERÍA CARRO S.L.	MESÍA	A CORUÑA
GANADERÍA CASÁS S.C.	CARBALLO	A CORUÑA
GANADERÍA O RUBIO S.C.	SANTA COMBA	A CORUÑA
GANADERÍA PISTULARIO S.L.	SANTA COMBA	A CORUÑA
GANADERÍA QUEIRUGUEIRA S.L.	VAL DO DUBRA	A CORUÑA
LÓPEZ FONTELA Y OTROS S.C.	ARANGA	A CORUÑA
MIDÓN	LALÍN	PONTEVEDRA
PENELAS TEJEIRO YOLANDA	CASTRO DE REI	LUGO
RATO	RODEIRO	PONTEVEDRA
SAT A VEREDA	CASTRO DE REI	LUGO
SAT CAVADAS	XERMADE	LUGO
SAT GAIGO	MEIRA	LUGO
SAT REY DE MIÑOTELO	A PASTORIZA	LUGO
SC A LAGOA SERABEL	XERMADE	LUGO
SC CASA POZO	LUGO	LUGO
SC QUINTIÁN	O PÁRAMO	LUGO

A ENERXÍA INTELIXENTE



ELECTRICIDADE



SERVIZOS
ENERXÉTICOS



FOTOVOLTAICA



AEROTERMIA
E XEOTERMIA



INSTALACIÓNS
E MANTEMENTOS

POR QUE NÓS?



MODELO INTEGRAL:
ENERXÍA 360°



ANALIZAMOS O
TEU PROXECTO



ELABORAMOS
UNHA SOLUCIÓN
A MEDIDA



PROFESIONALIDADE
EN CALQUERA
RESULTADO

INFÓRMATE!



900 834 473



contacto@enovaenexia.com



enovaenerxia.com



E.nova Enerxía

SECCIÓN 1

XATAS ATA 8 MESES

POSTO	NÚM.	NOME	CIB	DATA NACEMENTO	GANDERÍA
	101	QUINTIAN ALLIGATOR MELODY ET	ES221100116095	10/11/2025	SC QUINTIÁN
	102	A VEREDA HULU TUDELA	ES221100161215	09/10/2025	SAT A VEREDA
	103	REY 1442 HULU PAULITA	ES221100163043	07/09/2025	SAT REY DE MIÑOTELO
	104	PENELAS TONY WASCAS 0164	ES221100160164	05/09/2025	PENELAS TEIXEIRO YOLANDA
	105	ANILA DYNASTY BENDETA	ES221100295173	02/09/2025	ANILA
	106	O RUBIO MAANEESH ET	ES221100166220	09/08/2025	GANADERÍA O RUBIO S.C.
	107	REY 1434 MAGIC YURIEVIA	ES221100163035	06/08/2025	SAT REY DE MIÑOTELO
	108	CARBALLEIRAS BULLSEYE WHITNEY	ES221100184903	01/08/2025	CARBALLEIRAS
	109	TOLDEIRO LEGO QUEEN CLG	ES221100170036	31/07/2025	LÓPEZ FONTELA Y OTROS, SC
	110	ANILA DINAMITA WOMAN	ES221100041233	27/07/2025	ANILA
	111	CASAS SB HULU AINZA 788	ES221100018706	27/07/2025	GANADERÍA CASÁS, S.C. coprop. LAGOA SERABEL
	112	CASAS HULU AMELIA 787	ES221100018705	21/07/2025	GANADERÍA CASÁS, S.C.
	113	CASAS HULU ALEXA 786	ES221100018703	20/07/2025	GANADERÍA CASÁS, S.C.
	114	GAIGO SPERMINATOR MARIAI608	ES221100261608	11/07/2025	SAT GAIGO
	115	QUEIRUGUEIRA TERRY 1217	ES221100030627	09/07/2025	GANADERÍA QUEIRUGUEIRA S.L.
	116	CASA-NOVA MR SUGUS BULLSEYE	ES221100133324	04/07/2025	GANADERÍA CARRO, S.L.
	117	QUEIRUGUEIRA HULU IRIA 1214 ET	ES221100030630	04/07/2025	GANADERÍA QUEIRUGUEIRA S.L.
	118	A VEREDA DROPBOX HARPIA ET	ES221100003809	04/07/2025	SAT A VEREDA
	119	O_RUBIO DYNAMIC CANCEL-HADA	ES221100166205	03/07/2025	GANADERÍA O RUBIO S.C.
	120	REY 1425 DETECTIVE ARIADNA	ES221100163026	02/07/2025	SAT REY DE MIÑOTELO
	121	REY 1426 HULU ASHA	ES221100163027	02/07/2025	SAT REY DE MIÑOTELO
	122	A VEREDA HAVENOFEAR ENEISS	ES221100003808	01/07/2025	SAT A VEREDA

GALICAL

CALES E CARBONATOS AGRÍCOLAS

Para reducir o efecto limitante do pH e controlar o aluminio nas terras de cultivo **é recomendable aplicar emendas calcarias ou magnésicas.**
O millo esixe un pH de entre 6 e 7.

ESTENDIDO REGULADO POR GPS

- **EMENDA CALCARIA, CAL VIVO GRANULADO** (90 % CaO)
Alta porcentaxe en calcio. Valor neutralizante: 90 %
- **EMENDA CALCARIA, CAL VIVO GRANULADO DOLOMITICO**
(35 % MgO / 60 % CaO)
Alta porcentaxe de magnesio. Valor neutralizante: 95 %
- **EMENDA CALCARIA, CAL VIVO** (80 % CaO)
Gran poder de neutralización. Valor neutralizante: 80 %
- **EMENDA CALCARIA, CAL APAGADO** (65 % CaO)
Potencia o rendemento agrícola. De fácil asimilación.
Valor neutralizante: 65 %
- **EMENDA CALCARIA, CAL APAGADO + DOLOMÍA**
(53 % CaO / 23 % MgO)
Achega magnesio. Favorece a actividade clorofílica da planta.
Valor neutralizante: 83 %

- **EMENDA CALCARIA, CARBONATO CÁLCICO** (56 % CaO)
Para terra e camas hixiénicas. Eficaz na redución de mamites ambientais e dermatites. Apropiado para a produción de todo tipo de pensos. Valor neutralizante: 56 %
- **EMENDA CALCARIA DE CARBONATO CÁLCICO MAGNÉSICO, GALIMAG** (33 % CaO / 17 % MgO)
Achega magnesio. Valor neutralizante: 60 %
- **EMENDA CALCARIA, GRANICAL G60 SUPRA** (54 % CaO / 1 % MgO)
Fácil aplicación e asimilación. Valor neutralizante: 56 %
- **EMENDA CALCARIA, GRANICAL G60 PLUS** (47,35 % CaO / 6 % MgO)
Fácil aplicación e asimilación con achega de magnesio.
Valor neutralizante: 59 %



EN VÍDEO

Transporte a calquera punto de España e Portugal

ENCALADO AGRÍCOLA · ENVASADO DE CALES E DOLOMIAS · ALIMENTACIÓN ANIMAL · CAMAS DE VACÚN



GALICAL CALES E CARBONATOS AGRÍCOLAS SL

📍 R/ Gallastegui Unamuno. Vial G - N.º 7 Polígono Industrial As Gándaras 27003 Lugo

☎ 982 221 484

✉ info@galical.es



www.galical.es

PATROCINADA POR: **GALICAL**

SECCIÓN 2

XATAS DE 9 A 11 MESES

POSTO	NÚM.	NOME	CIB	DATA NACEMENTO	GANDERÍA
	201	POZOSAA HULU 2681 GRETHEN	ES221100112681	30-jun-25	SC CASA POZO
	202	PENELAS GABRIELLE WAIKAS 0155	ES221100160155	28/06/2025	PENELAS TEJEIRO YOLANDA
	203	PENELAS LOCK ANELA 0154	ES221100160154	28/06/2025	PENELAS TEJEIRO YOLANDA
	204	A VEREDA HANX HANA ET	ES221100003806	25/06/2025	SAT A VEREDA
	205	SERABEL TORRES VANE	ES061114961915	10/06/2025	SC A LAGOA SERABEL
	206	GAIGO GABRIELLE GENO 3247	ES061115003247	10/06/2025	SAT GAIGO
	207	CARBALLEIRAS ALLEYOOP CANDELA	ES031114944606	07/06/2025	CARBALLEIRAS
	208	ANILA GUIRI ALBA	ES061114946489	03/06/2025	ANILA
	209	CASA-NOVA MR LB BARCOLA 2062	ES221100133313	29/05/2025	GANADERÍA CARRO, S.L.
	210	CARBALLEIRAS BULLSEYE ALICIA	ES011114941558	24/05/2025	CARBALLEIRAS
	211	SERABEL VANGUARD NAMBI	ES021114961911	16/05/2025	SC A LAGOA SERABEL
	212	QUEIRUGUEIRA DRAX 1200	ES081115018113	15/05/2025	GANADERÍA QUEIRUGUEIRA S.L.
	213	REY 1415 MAGIC ROSE II ET	ES091114848405	02/05/2025	SAT REY DE MIÑOTELO
	214	REY 1408 HULU APLETICA	ES051114848398	15/04/2025	SAT REY DE MIÑOTELO
	215	O_RUBIO DESTINATION WITH	ES021114989468	07/04/2025	GANADERÍA O RUBIO S.C.
	216	O RUBIO HULU MAHEGRINCH ET	ES061114989462	01/04/2025	GANADERÍA O RUBIO S.C.



PREMIO ESPECIAL

Boviteq®

**LIDER MUNDIAL
PRODUCCIÓN FIV**

Semex Embryos

CONSIGUE LA GENÉTICA DEL FUTURO, HOY

Con Semex Embryos, puedes avanzar de dos a tres generaciones con un solo ciclo reproductivo. Ya no necesitas esperar para ver si se cumplen tus objetivos: están garantizados!!



**AQUÍ TIENES LA PRUEBA GENÓMICA
QUE ESTABAS ESPERANDO**

**Elevate
DE SEMEX
TE OFRECE
VENTAJAS
ÚNICAS**

Realizar pruebas genómicas que no se actualizan es arriesgado. A diferencia de otras opciones, ELEVATE® de Semex, revisa y actualiza los datos de tu rebaño en cada prueba genética. ¿Por qué hacemos esto? Porque los datos desactualizados te pueden salir caros!

Contacta con tu representante Semex
para acelerar tu progreso genético

SEMEX®
Genética para la Vida™

OFICINAS CENTRALES: La Atalaya s/n 31530 CORTES-NAVARRA • 984 81 07 52 • semex@semex.es • www.semex.es

ÓSCAR PENA • 608 037 148 • ALBERTO VÁZQUEZ • 602 242 262 • JOSÉ LUIS MACEIRA • 648 939 466 • CARLOS GARCÍA • 676 488 863

MANOLO GONZÁLEZ • 676 176 208 • OFICINA SEMEX GALICIA • 689 872 688

SECCIÓN 3

XATAS DE 12 A 14 MESES

POSTO	NÚM.	NOME	CIB	DATA NACEMENTO	GANDERÍA
	301	O_RUBIO DELTA-LAMBDA EMMETH ET	ES011114985421	10/03/2025	GANADERÍA O RUBIO S.C.
	302	REY 1398 HULU LORE MACU	ES051114848387	04/03/2025	SAT REY DE MIÑOTELO
	303	REY 1397 HULU LORE LORE	ES041114848386	04/03/2025	SAT REY DE MIÑOTELO
	304	2285 DAVINCI DIMONA CLG	ES071114842585	16/02/2025	LÓPEZ FONTELA Y OTROS, SC
	305	O_RUBIO CRUSHABULL BUGATTI	ES081114778876	01/01/2025	GANADERÍA O RUBIO S.C.
	306	REY 1380 HULU ASHME	ES081114848368	01/01/2025	SAT REY DE MIÑOTELO



**PREMIO
ESPECIAL**



Preto de ti



SECCIÓN 4

XATA CAMPIONA DE GALICIA

1
SECCIÓN

1.ª

2.ª

2
SECCIÓN

1.ª

2.ª

3
SECCIÓN

1.ª

2.ª

XATA CAMPIONA DE GALICIA

XATA SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2026"



#NUEVOSHÍBRIDOSNUEVOESTILO

#NUEVOS HÍBRIDOS NUEVAS POSIBILIDADES

OTRA VISIÓN PARA LA GANADERÍA



Variedad: **Pianello**, SAT Pelambre, Langre (Cantabria)



Quai Sarraill - BP 12 - 10 402 Nogent-sur-Seine cedex (Francia)
Valle de FORNELA 26 -24009 LEÓN (España) (+34) 639 832 547 (Óscar)

**XL CONCURSO DE GANDO FRISÓN
DE MOEXMU 2026**

PATROCINADA POR: **SOUFFLET SEEDS**

SECCIÓN 5

XATA CAMPIONA MOEXMU

1
SECCIÓN

1.ª

2.ª

2
SECCIÓN

1.ª

2.ª

3
SECCIÓN

1.ª

2.ª

XATA CAMPIONA MOEXMU 26

XATA SUBCAMPIONA MOEXMU 26



El nuevo referente mundial para tipo



USA 04/2026

Leche (Lbs.): + 502

Tipo: + 3,41

Ubres: + 2,47

Patas: + 1,51

Somáticas: + 2,85

Beth Herges

SECCIÓN 6

XOVENCAS DE 15 A 19 MESES

POSTO	NÚM.	NOME	CIB	DATA NACIMIENTO	GANDERÍA
	601	CARBALLEIRAS ALLEYOOP DOT	ES091114786137	15/12/2024	CARBALLEIRAS
	602	CASA-NOVA CAMAVINGA BULLSEYE	ES001114910950	15/12/2024	GANADERÍA CARRO, S.L
	603	REY AMG GDG TURBO S RED	ES051114848365	02/12/2024	SAT REY DE MIÑOTELO
	604	QUEIRUGUEIRA SALUTE DEJABU ET	ES091114665982	14/11/2024	GANADERÍA QUEIRUGUEIRA S.L.
